

Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia e a Asociación por Eles TEA Ourense (PeTEA)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

DECLARA:

Que esta Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ten previsto formalizar coa Asociación por Eles TEA Ourense (PeTEA) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o finais do curso académico 2026-2027, isto é o día 31 de agosto de 2027, sendo prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Asociación por Eles TEA Ourense (PeTEA) nas accións e actividades dirixidas á mellora da atención educativa ao alumnado con Trastorno de Espectro Autista (TEA) e con trastornos da comunicación.



Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que a Consellería considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir "apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas".

Que PeTEA é unha entidade sen ánimo de lucro de ámbito provincial, constituída por pais e nais e demais persoas sensibilizadas co problema do trastorno do espectro autista e cos trastornos da comunicación, creada co



obxectivo de apoiar ás persoas con trastornos da comunicación, que ten entre os seus principais fins os seguintes:

a) Promover o ben común das persoas con TEA en todas as etapas e ámbitos da súa vida (ámbito educativo, recreativo, social, cultural, laboral e de integración social), mediante actividades asistenciais, educativas, ocupacionais, laborais, recreativas, culturais e deportivas.

b) Apoio e asesoramento ás familias (diagnóstico, orientación, apoio na vida cotiá, transición á vida adulta, etc.).

c) Promoción, creación, organización e/ou patrocinio de centros de diagnose e avaliación, unidades de tratamento e atención personalizada, investigación, centros de terapias, servizos médicos, centros de pedagogía especial, residencias, unidades de capacitación para o traballo, talleres protexidos, centros especiais de emprego, centros de venta de produtos e servizos, etc.

d) Representación e defensa dos intereses das persoas con TEA, así como das súas familias, perante toda clase de organismos, administracións, entidades, persoas físicas ou xurídicas, etc.

e) Promoción, creación, organización ou patrocinio de terapias e actividades inclusivas, que axuden a potenciar a motricidade, comunicación, afectividade, autonomía, etc., tanto para usuarios da asociación como persoas con TEA en xeral.

f) Asesoramento, información e sensibilización, da sociedade ou colectivos concretos, acerca da realidade dos Trastornos do Espectro Autista.



En atención a estas consideracións, as dúas entidades teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da atención educativa ao alumnado con trastorno do espectro autista (TEA) e con trastornos da comunicación, manifestando que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

Judith Fernández Novoa

